


**REUNIÓN DA COMISIÓN 3.<sup>a</sup>, ECONOMÍA,  
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 15.03.2013      Hora: 10:30



A Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 15 de marzo de 2013, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único: Proposicións non de lei**

606 (09/PNC-000025)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sistema de arbitraje establecido no Instituto Galego de Consumo para as persoas afectadas pola fraude das participacións preferentes das entidades financeiras, así como respecto das quitas establecidas no Decreto lei de reestruturación do sistema financeiro

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 5, do 28.11.2012*

2749 (09/PNC-000198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a devolución íntegra dos seus aforros ás persoas afectadas pola comercialización das participacións preferentes ou débeda subordinada das entidades financeiras

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 46, do 06.02.2013*

4045 (09/PNC-000293)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda


Fernández Calviño, David

Sobre a entrega por parte do Goberno galego á Fiscalía Superior de Galicia da documentación que posúa en relación coas persoas afectadas pola comercialización indebida de participacións preferentes e obrigas subordinadas das entidades financeiras, co fin de que os responsables paguen polas súas prácticas

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 60, do 28.02.2013*

*Publicación corrección erros, BOPG n.º 64, do 06.03.2013*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.



O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2013

José Antonio Sánchez Bugallo  
Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**José Antonio Sánchez Bugallo na data 11/03/2013 13:21:49**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 3.<sup>a</sup>, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidente	
José Antonio Sánchez Bugallo	S
Vicepresidenta	
María Isabel García Pacín	P
Secretario	
Pedro Manuel Arias Veira	P

## **Vogais**

Xosé Manuel Beiras Torrado	AGE
Juan Carlos González Santín	S
Javier Jorge Guerra Fernández	P
Francisco Xesús Jorquera Caselas	BNG
Abel Fermín Losada Álvarez	S
María del Carmen Pardo López	P
María Herminia Pouso Maneiro	P
Pedro Puy Fraga	P
Gonzalo Trenor López	P

Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 15.03.2013

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 15.03.2013**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 606(09/PNC-000025)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sistema de arbitraje establecido no Instituto Galego de Consumo para as persoas afectadas pola fraude das participacións preferentes das entidades financeiras, así como respecto das quitas establecidas no Decreto lei de reestruturación do sistema financeiro

*Publicación da iniciativa, 5, 28.11.2012*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Carmen Gallego Calvar**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

Milleiros de galegos e galegas continúan atrapados na estafa das participación preferentes e obrigacións subordinadas, maioritariamente nas subscritas coas desaparecidas caixas de aforros.

A solución dada pola Xunta de Galicia coa arbitraxe a través do Instituto Galego de Consumo resultou insuficiente, pouco transparente, lenta e arbitraria. A diario recibimos denuncias de trato discriminatorio na resolución dos casos e de insuficiente dotación de medios humanos e materiais para atender ás persoas afectadas.

O Goberno central desentendeuse do problema e asinou un memorando para o rescate que non contempla ningunha solución a esta estafa.

O Decreto lei de reestruturación do sistema financeiro establece quitas que levarán aos aforradores estafados a perder máis do 70 % do seu diñeiro.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1- Dotar de máis medios humanos e materiais o sistema de arbitraxe establecido no Instituto Galego de Consumo co obxecto de axilizar os procedementos, incluír a meirande parte das persoas afectadas e rematar con este sistema antes de fin do ano 2012.
- 2- Facer públicos os criterios de inclusión e de exclusión na arbitraxe a fin de transparentar a súa concesión.

 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

- 3- Prestar asesoramento xurídico a todas aquelas persoas estafadas que así o requiran para poder demandar xudicialmente ás entidades financeiras.
- 4- Impugnar o Decreto lei de reestruturación do sistema financeiro que establece quitas para as persoas estafadas.

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2012

Asdo.: Carmen Gallego Calvar  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Carmen Gallego Calvar na data 20/11/2012 18:06:07**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/11/2012 18:06:16**



**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 15.03.2013**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 2749(09/PNC-000198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a devolución íntegra dos seus aforros ás persoas afectadas pola comercialización das participacións preferentes ou débeda subordinada das entidades financeiras

*Publicación da iniciativa, 46, 06.02.2013*



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do seu deputado **Carlos Aymerich Cano**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa a dar unha solución satisfactoria ás persoas afectadas pola estafa das preferentes e subordinadas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns 28 de xaneiro anunciábase un acordo entre os grupos parlamentarios estatais do PSOE e do PP para dar saída aos miles de afectados polas preferentes. Este acordo contempla a creación dunha comisión de seguimento que decidirá o perfil de cliente que pode recorrer á arbitrase para recuperar o 100% do seu aforro. A Comisión proposta só tería un papel informativo e consultivo, segundo se desprende das explicacións dadas polo PP e PSOE. O papel da comisión consistiría en elaborar informes sobre os procesos de arbitrase e o perfil de afectado que pode acollerse a eles, así como desenvolver propostas para mellorar a transparencia da comercialización destes produtos.

Son numerosas as sombras e dúbidas que arroxa a creación desta comisión. Para poder acollerse a unha arbitrase ou a un proceso de xudicial os afectados deberán demostrar que houbo engano na comercialización destes produtos; a elaboración dun perfil de afectado pode excluír a miles de persoas estafadas, exclusión xa contemplada para os posuidores de subordinadas. Ademais, si se acode a este proceso e non se consegue un fallo favorábel, é imposible acudir á vía xudicial. Para rematar, tamén arroxa dúbidas razoábeis a elección da presidenta da



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 31/01/2013 09:30  
Nº Rexistro: 2749

Data envío: 30/01/2013 20:11:14.323

comisión, Elvira Rodríguez, destacada militante do PP e presidenta da CNMV, sobre todo tendo en conta que o regulador de valores xa se pronunciou sobre a comercialización de preferentes, asegurando que na maioría dos casos as entidades colocaron de xeito correcto estes produtos conforme á normativa dos mesmos.

Para o BNG, esta medida trátase de “lavado de cara”, que terá o efecto pernicioso de confundir aos afectados e que, en ningún caso, supón unha solución á grave estafa da comercialización de preferentes e subordinadas. A marxe de manobra deste organismo, tal e como está deseñado, é moi reducida. Cómpre recordar que a Comisión Europea e o Goberno do Estado estableceron, a través do “Memorando de entendemento”, unhas quitas de ao redor do 40% que deben asumir os tenentes de preferentes da banca nacionalizada, entre as que se atopa Novagalicia Banco. A acción do goberno do Estado no tratamento das preferentes ata a data non pode ser máis preocupante. Ademais da firma do “Memorando de Entendemento”, a aprobación do Real Decreto-Lei 24/2012, de 31 de agosto, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, supuxo a legalización da estafa das participacións preferentes, na que foron vítimas milleiros de persoas subscritoras, en moitos casos pequenas e pequenos aforradores, deste produto financeiro.

O BNG sempre denunciou a gran estafa que se cometeu coa comercialización de participacións preferentes e débeda subordinada a aforradores, e en consecuencia, ten demandado unha solución global e satisfactoria, que pase por recuperar o 100% dos aforros para todos os afectados desta estafa.

Por todo o exposto, preséntase a seguinte



## PROPOSICIÓN NON DE LEI

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado que:

1. Impulse un mecanismo que garanta a devolución íntegra dos aforros, no primeiro trimestre do 2013, ás persoas estafadas mediante a comercialización de participacións preferentes ou débeda subordinada.
2. Deixen en suspenso as facultades do FROB establecidas no RD-L 24/2012 que poidan supoñer a asunción de perdas por parte dos aforradores que sexan titulares de participacións preferentes ou débeda subordinada.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2013

Asdo.: Carlos Aymerich Cano  
Portavoz S. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 30/01/2013 20:06:06**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 15.03.2013**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3 4045(09/PNC-000293)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fernández Calviño, David

Sobre a entrega por parte do Goberno galego á Fiscalía Superior de Galicia da documentación que posúa en relación coas persoas afectadas pola comercialización indebida de participacións preferentes e obrigas subordinadas das entidades financeiras, co fin de que os responsables paguen polas súas prácticas

*Publicación da iniciativa, 60, 28.02.2013*

*Publicación da iniciativa, 60, 28.02.2013*

*Publicación da iniciativa, 64, 06.03.2013*

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerdas**, por iniciativa do seu deputado **David Fernández Calviño**, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Nos últimos anos unha cantidade moi elevada de veciñas e veciños de Galiza foron estafados polas entidades bancarias mediante produtos coñecidos coloquialmente coma “preferentes” e “subordinadas”. Esta estafa colectiva require unha acción conxunta de toda a sociedade e, polo tanto, do Parlamento Galego, institución onde está delegada a soberanía do pobo galego.

Para intentar dar solución a este problema, a Xunta de Galiza apostou pola arbitrase. Aínda que solucionou casos individuais, a maioría dos estafados continúan agardando unha solución.

Por outra banda, os estafadores aínda non foron enxuciados e continúan a desfrutar dos réditos das súas prácticas delictivas.

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda considera que o Parlamento debe contribuír a que os estafadores paguen polas súas accións e, polo tanto, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta ó Goberno galego a entregar toda a documentación que posúa sobre os estafados polas preferentes e subordinadas á Fiscalía Superior de Galiza, co fin de iniciar os trámites para que os estafadores paguen polas súas prácticas delictivas.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2013.

Asdo.: David Fernández Calviño

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Fernández Calviño na data 19/02/2013 19:25:57**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 19/02/2013 19:26:09**